



## UN XESTO TOTALMENTE INSUFICIENTE

O xesto anunciado pola empresa o venres en relación coa execución da sentenza do Tribunal Supremo e o cumprimento íntegro do III Convenio Colectivo, sendo positivo, é totalmente insuficiente.

En primeiro lugar, seguen pendentes temas moi importantes, como a redistribución da compensación de comedor e economato, a publicación do texto do convenio, a entrada dun familiar dos falecidos por accidente laboral ou doenza profesional e, por suposto, as asimilacións, tanto a actualización do nivel como o pago dos atrasos.

Neste senso, sorprende que a empresa faga bastante máis ca un xesto económico de cara ós técnicos superiores (revisará a DPO de 2015) mentres das asimilacións non hai absolutamente nada. Isto responde a que a empresa ve con preocupación o inicio dun vencello dos TS co movemento obreiro organizado, e tenta contrarrestalo tratándoos de forma diferente, para aparentar que non necesitan o sindicalismo de clase. Os TS equivocáranse se fixesen caso destes cantos de serea. O camiño é a integración no convenio e a participación na vida sindical a tódolos niveis (assembleas, mobilizacións, afiliación...).

Tan cutre é o anuncio, que a empresa nin sequera di como propón liquidar os dous cartuchos de Nadal e o disfrute dos dous días de 2014 (que debería ser por horas). É necesario que o comité de empresa aclare estes aspectos e informe ós traballadores.

E tamén é necesario que o comité aclare outra cousa. Como é sabido, en maio boicoteouse a botadura do BAM non permitindo que o bloque da superestrutura saíse do taller para colocarlle o pau. O *Diario de Ferrol* do 17 de xuño aínda recolle declaracións do comité dicindo que “mentres non vexamos algún xesto por parte da nova dirección de Navantia [para cumprir o III Convenio], non permitiremos que se coloque o bloque nin o pau”.

Un par de días despois destas declaracións, o bloque saía do taller, e a día de hoxe ten o pau colocado e a botadura do BAM prevese para o 24 de xullo. Non sabemos se esta relaxación do comité debeuse a que esperaban moito máis do xesto da empresa, como lles pasou ós compañeiros de CCOO de San Fernando, que no seu blog recoñecen que “despois do tempo transcorrido e os continuos aprazamentos, queríamos crer que habería algo máis. Algún xesto de máis calado”. Se o motivo para permitir o avance dos traballos do BAM foi ese, queda claro que non había motivo: o xesto xa está aquí e o seu calado é moi escaso.

O comité debe aclarar que está a pasar co BAM, entre outras cousas porque o 24 son vacacións e o prazo para obrigar a alguén a traballar nelas xa rematou.